

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de decembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día dezanove de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1442) .-RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1443).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DE VIGO EN CATRO DESTINOS XEOGRÁFICOS CON CONECTIVIDADE OU PROXIMIDADE. EXPTE. 4993/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18.12.13, o informe de fiscalización do 19.12.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 19.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación N<sup>o</sup> 4993-104, por procedemento negociado sen publicidade, consonte co previsto no Art. 170 c) do TRLCSP, para a contratación da campaña de promoción de Vigo en destinos xeográficos Oporto, París, Madrid e Barcelona e mercado de proximidade (Bilbao, Valladolid, Zamora e León).

SEGUNDO.- Declarar a urxencia na tramitación do presente procedemento

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 16 de decembro de 2013, e o prego de cláusulas administrativas de data 19 de decembro de 2013, que no substancial son idénticos aos que rexeron a contratación da campaña de promoción de Vigo en destinos xeográficos Oporto, Paris, Madrid e Barcelona e mercado de proximidade (Bilbao, Valladolid, Zamora e León), Exp. 4867-104, -aprobada na sesión de 24 de outubro de 2012 da Comisión de seguimento do Plan de Competitividade Turística e ratificada en data 24 de abril de 2013.

CUARTO.- Autorizar o gasto, por importe de 205.700,00€ (dous centos cinco mil setecentos), IVE incluído, con cargo á partida presupostaria, 4320.2279906 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do presuposto en vigor.

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación, na forma prevista na lexislación vixente, para negociar con todas as empresas que no seu día concorreron á convocatoria pública declarada deserta.

**3(1445).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUES DE VALTERRA. EXPTE. 2039/440.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión das mercantís ORESA, S.A., OREGA, S.L., ANLLAR, S.L., HORDESCON, S.L., CASAMORE, S.L., do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra (expediente 2039-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados”.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra” (expediente 2039-440) no seguinte orde decrecente:

1	ALDASA	94,50
2	INDEPO	93,91
3	XAC	93,03
4	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA	92,24
5	ORECO	90,84
6	COPCISA	88,01
7	COVSA	87,95
8	VALE	83,70
9	RAMIREZ	71,91
10	EIRIÑA	65,84

TERCEIRO.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar ALDASA, S.L.U, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirille que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo I, subgrupo 1, categoría A e grupo G, subgrupo 6, categoría B , clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requerir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación, 640, 20 euros.

**4(1446).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS FASE 1. EXPTE. 2060/440.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión das empresas HORDESCON, S.L., e REVOLTAMAR, S.L., do Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros Fase 1 (expediente 2060-440) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionado.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Ferreiros Fase 1 (expediente 2060-440)” no seguinte orde decrecente:

1	EIRIÑA	97,60
2	ALDASA	93,94
3	ORECO	93,03
4	ORESA	92,59
5	CIVIS GLOBAL	92,39
6	COPCISA	88,90

7	COVSA	88,13
8	CONSERVIA	82,92
9	RAMIREZ	68,37
10	UTE CRESPO-CASAS	67,48

TERCEIRO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar EIRIÑA, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirlle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A "Documentación persoal" achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo E, subgrupo 1, categoría A, grupo G, subgrupo 6, categoría A e grupo I, subgrupo 1, categoría A, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requirir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación, 675,76 euros.

**5(1447).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDADE. EXPTE. 2019/440.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión das mercantís ORESA, S.A., COPCISA, S.L., XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., e CASAMORE, S.L., do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avda. da Hispanidade (expediente 2019-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados".

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avda. da Hispanidade (expediente 2019-440)" no seguinte orde decrecente:

1	ALDASA	98,00
2	EIRIÑA	94,04
3	CIVISGLOBAL	93,11

4	ORECO	91,91
5	COVSA	90,13
6	NAROM	85,63
7	RAMIREZ	66,39
8	UTE CRESPO-CASAS	59,84
9	CONSERVIA	56,18

TERCEIRO.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, ALDASA, S.L.U, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirlle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo E, subgrupo 1, categoría A, e no grupo G e subgrupo 6, categoría B, clasificación fixada como clasificación alternativa no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requirir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación, 651,02 €”.

**6(1448).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA PAR JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 2004/440.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión das mercantís ALDASA, S.L.U, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., e ORECO, S.A., do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da da beirarrúa par Jenaro de la Fuente (expediente 2004-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das de humanización da beirarrúa par Jenaro de la Fuente (expediente 2004-440) no seguinte orde decrecente:

1	ORESA	97,00
2	RAMIREZ	90,15
3	COPCISA	89,48
4	COVSA	89,38
4	CONSERVIA	80,33
5	UTE CRESPO-CASAS	64,70

TERCEIRO.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirlle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo E, subgrupo 1, categoría A, e no grupo G , subgrupo 6, categoría B, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requerir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación, 654,12 €”

**7(1449).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ FASE I. EXPTE. 2126/440.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión da empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., do procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da accesibilidade peonil entre a porta do sol e abeleira menéndez fase I (expediente 2126-440

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da accesibilidade peonil entre a porta do sol e Abeleira Menéndez fase I (expediente 2126-440) no seguinte orde decrecente:

1	CIVISGLOBAL	92,58
2	EIRIÑA	90,65
3	COPCISA	90,59
4	LAUDEMIO	87,80
5	ORECO	84,90
6	SAN JOSE	91,22
7	RAMIREZ	72,10
8	CONSERVIA	65,81

TERCEIRO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirille que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo J, subgrupo 1, categoría C, e no grupo G , subgrupo 6, categoría B, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requirir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación, 666,46 €.

**8(1450).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA. EXPTE. 2107/440.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión da empresa CIVISGLOBAL, S.L, do procedemento aberto para a contratación das obras de construción dunha escola infantil en Navia (expediente 2107-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados”.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras construción dunha escola infantil en Navia (expediente 2107-440) no seguinte orde decrecente:

1	ORECO	95,06
2	ALDASA	94,50
3	COPCISA	92,89
4	UTE CASTRO-PRACE	86,28
5	OREG	87,70
6	SAN JOSE	92,61
7	DICSA	86,36
8	EL CORTE INGLÉS	74,95
9	ABAL	74,21
10	RAMIREZ	66,91
11	ALDOVAL	63,82

TERCEIRO.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirlle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo C, subgrupo 2, categoría D, clasificación esixida no apartado 6.A da FEC.

CUARTO.- Requerir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación, 658,74 euros”

**9(1451).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 3092/213.**

De conformidade coas propostas formuladas pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 18.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:



PRIMEIRO.- A exclusión das mercantís COPCISA, S.A. e DRAGADOS, S.A. Do procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e ampliación do parque central de Teis do servizo de Bombeiros (expediente 3092-213) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e ampliación do parque central de Teis do servizo de Bombeiros (expediente 3092-213). ." no seguinte orde decrecente:

	Prezo	Mantem.	Garantía	C.Calidade	TOTAL
MISTURAS S.A.	25,00	35	25	15	100,00
ORECO S.A.	24,98	35	25	15	99,98
FUENCO S.A.U.	24,77	35	25	15	99,77
EXTRACO S.A.	24,76	35	25	15	99,76
ACCIONA INFRAESTRUCT. S.A.	24,61	35	25	15	99,61
OGMIOS PROYECTO S.L.	24,48	35	25	15	99,48
CIVISGLOBAL S.L.	24,44	35	25	15	99,44
INICIATIVAS PARA LA CONSTRUCCION Y OBRA CIVIL S.L.	24,38	35	25	15	99,38
UTE XESTIÓN AMBIENTAL-OREGA S.L.	24,36	35	25	15	99,36
CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.	24,21	35	25	15	99,21
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.	24,10	35	25	15	99,10
SOC. IBÉRICA DE CONST. ELÉCTRICAS S.A.	24,05	35	25	15	99,05
UTE CONSTRUMAX- DELFIN FERREIRO	24,05	35	25	15	99,05
BAUEN EMPRESA CONSTRUCTORA S.A.U.	21,95	35	25	15	96,95
DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES S.A.U.	19,65	35	25	15	94,65
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A.	16,31	35	25	15	91,31
CONSTRUCCIONES ABAL S.A.	12,42	35	25	15	87,42
UTE ANTALSIS S.L.- EIRIÑA S.L.	11,59	35	25	15	86,59
CONSTRUCCIONES ALEA	6,94	35	25	15	81,94

TERCEIRO.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida declaración da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo C, subgrupo 4, categoría E e dito certificado de inscrición foi incorporado ao expediente.

CUARTO.- Requiritur ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación por un importe de por importe de 655,64 euros.

**10(1452).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DERRUBA DO ANTIGO RESTAURANTE “AS DORNAS” . EXPTE. 7004/307.**

De conformidade coa proposta formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o 19.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (expediente 7004-307)” no seguinte orde decrecente:

1	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA	80,00
2	COPCISA SA	79,95
3	SANCHEZ ALVAREZ SL	79,59
4	RECUPERATIONS STEEL GALINDO SA	79,32
5	ORESA SL	78,39
6	CONSTRUCCIONES Y DESMONTAJES RIBERA NAVARRA, SA	78,34
7	CONSERVIA REHABILITACIÓN Y SERVICIOS SL	77,40
8	ORECO SA	76,57
9	REVOLTAMAR, SL	73,15
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	35,72
11	ANLLAR CONSTRUCCIONES, SL	27,88

SEGUNDO.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirille que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo C , subgrupo 1, categoría C, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC”.

**11(1453).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. EXPTE. 2130/440.**

Visto o informe de fiscalización do 19.12.13 e de conformidade coa proposta de data 18.12.13, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a COPCISA S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de mellora e reposición do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao (expediente 2130-440), por un prezo total de 154.008,80 euros I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 26.728,80 euros. Un prazo total de garantía de 26 meses, e o compromiso de execución das seguintes melloras:

Mellora (1). Instalación de cerramento en faldóns laterais da cuberta mediante panel sandwich liso estrutural de 40 mm de espesor, con fotomural o vinilo decorativo en ambos lados.

Mellora (2). Renovación do pavimento da pista polideportiva.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**12(1454).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA. EXPTE. 82392/301.**

Visto o informe de fiscalización do 13.12.13 e de conformidade coa proposta de data 17.12.13, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de teleasistencia domiciliaria (expediente 82392-301) por un prezo total de 11,76 € usuario/mes (IVE incluído), sendo a cota

correspondente o IVE de 0,46 € usuario/mes. O custo máximo do contrato establece en 155.126,40 euros IVE incluído. Comprométese a aportar os medios técnicos precisos para poder ofrecer o servizo a 10 persoas con dificultades de audición ou comunicación.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**13(1455).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PLANTA DE TEMPORADA. EXPTE. 7109/446.**

Visto o informe de fiscalización do 17.12.13 e de conformidade coa proposta de data 17.12.13, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento negociado con publicidade para a contratación da subministración de planta de temporada (expediente 7109-446) a CESPAS, S.A., que oferta unha baixa proporcional única para o listado de arborado e pranta de tempada recollido no prego de prescricións técnicas particulares dun 15%, o que determina un prezo total do contrato de 50.251,98 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 8.721,42 euros e coas seguintes prestacións adicionais:

- Reduce en 14 días naturais contados dende o día seguinte o que se efectúe o encargo polo Concello de Vigo o prazo máximo de 15 días previsto para a subministración.
- Entrega a maiores 13 unidades de camelia copa 16/18 cepellón por un prezo unidade de 321, 26 €, o que fai un importe de 4.176,32 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**14(1456).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTORÍA DE DIRECCIÓN PARA O PROXECTO SUSTAINABLE URBAN MOBILITY (SUM PROYECT) DO PROGRAMA INTERREG IVC. EXPTE. 9736/77.**

Visto o informe de fiscalización do 18.12.13 e de conformidade coa proposta de data 17.12.13, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Corrixir o erro material da resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2012, substituíndo no apartado Segundo do acordo de clasificación do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de

consultoría de dirección para o proxecto Sustainable Urban Mobility (SUM PROJECT) 1.012,50 por 1.112,52 euros.

2º.- Adxudicar a ESTRATEGIA Y GESTIÓN AMBIENTAL S.L, o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de consultoría de dirección para o proxecto Sustainable Urban Mobility (SUM PROJECT), do programa Interreg IVC (expediente 9736-77) por un prezo total de 26.922,50 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 4.672,00 euros, e un incremento do número de horas ofertadas para a execución do contrato de 340 horas, o cal representa un total de 930 horas para o servizo ofertado.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**15(1457).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 38.442,74€ A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAI, NO PERIODO XUÑO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 622/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 13.12.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 653313120025, de 38.442,74 € (trinta e oito mil catrocentos corenta e dous euros con setenta e catro setenta e catro céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público" (RC 10484).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de de 38.442,74 € (trinta e oito mil catrocentos corenta e dous euros con setenta e catro setenta e catro céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura) durante os meses de xuño-décembro de 2013, con cargo á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2606X400154, de de 38.442,74 € (trinta e oito mil catrocentos corenta e dous euros con setenta e catro setenta e catro céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

**16(1458).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 91.033,04€ A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA EN DEPENDENCIAS CULTURAIS, NO PERIODO XUÑO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 624/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 13.12.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 613313120082, de 91.033,04 € (noventa e un mil trinta e tres euros, con catro céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias" (RC 10483).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, por un importe total de 91.033,04 € (noventa e un mil trinta e tres euros, con catro céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xuño-décembro de 2013 en Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, de 91.033,04 € (noventa e un mil trinta e tres euros, con catro céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

**17(1459).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 106.341,50€ A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA NA PINACOTECA MUNICIPAL "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO", NO PERIODO XUÑO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 297/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 13.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 613313120081, de 106.341,50 € (cento seis mil trescentos corenta e un euros con cincuenta céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias" (RC 10483).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, por un importe total de 106.341,50 € (cento seis mil trescentos corenta e un euros con cincuenta céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de

seguridade, realizados no período xuño-decembro de 2013, na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”, con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, a factura 613313120081, de 106.341,50 € (cento seis mil trescentos corenta e un euros con cincuenta céntimos), con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

**18(1460).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 43.378,03 € A FAVOR DA EMPRESA SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA PINACOTECA MUNICIPAL “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, NO PERIODO XUÑO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 298/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 13.12.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 653313120026, de 43.378,03 € (corenta e tres mil trescentos setenta e oito euros con tres céntimos), a favor de Servicios Securitas SA, con CIF: A 28986800, que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 10484).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de de 43.378,03 € (corenta e tres mil trescentos setenta e oito euros con tres céntimos), en concepto de prestación do servizo de atención ao público na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”, durante os meses de xuño-decembro de 2013, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA, con CIF: A 28986800, a factura 653313120026, de 43.378,03 € (corenta e tres mil trescentos setenta e oito euros con tres céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

**19(1461).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 36.730,12 € A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES NO MUSEO VERBUM-CASA DAS PALABRAS, NO PERÍODO XUÑO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 2290/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Verbum-

Casa das Palabras, do 13.12.13, conformado polo xefe de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura 653313120024, que se achega ao expediente, por un importe total de 36.730,12 € a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados ao documento contable RC nº 10484 da Partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A28986800, por un importe total de 36.730,12 €, en concepto de prestación do servizo de atención ao público do Verbum durante o período 01/06/2013-31/12/2013 con cargo ao RC nº 10484 da Partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A28986800, a factura 653313120024, por un importe total de 36.730,12 €, con cargo ao RC nº 10484 da partida orzamentaria 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao público”.

**20(1462).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 96.362,65€ A FAVOR DE VIGILANCIA INTEGRADA, S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”, NO PERIODO XUÑO-DECEMBRO 2013. EXPTE. 5048/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 13.12.13, conformado polo do xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 6500360580, de 96.362,65 € (noventa e seis mil trescentos sesenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos), a favor de Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” (RC 10483).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465 por un importe total de 96.362,65 € (noventa e seis mil trescentos sesenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xuño-décembro de 2013 no Museo Municipal “Quiñones de León”, con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

3º.- Pagar á empresa Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, 96.362,65 € (noventa e seis mil trescentos sesenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”



**21(1463).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.389,23€ A FAVOR DE “V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.” POLA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”, NO MES DE AGOSTO 2013. EXPTE. 5050/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.12.13, e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 13.12.13, conformado polo do xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 6530102563, de 1.389,25 € (mil trescentos oitenta e nove euros con vintecinco céntimos), a favor de “V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.” CIF A78601945; que deben ser imputados á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público” (RC 10484).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.” CIF A78601945, por un importe total de 1.389,25 € (mil trescentos oitenta e nove euros con vintecinco céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público no Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”; durante o mes de agosto de 2013, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

3º.- Pagar á empresa “V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A.” CIF A78601945, a factura 6530102563, de 1.389,25 € (mil trescentos oitenta e nove euros con vintecinco céntimos) con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”.

**22(1464).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA DO “PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA”. EXPTE. 2452/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 19.12.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Obra: “PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA”. Expte. 2452/443.*

*Localidade e situación: NAVIA.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. JOSÉ MANUEL FOUCES DÍAZ (TECNIGAL, SL).*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D<sup>a</sup> BEATRIZ ALONSO ASENJO.*

*Contratista titular do plan: COPCISA, SA.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JOSÉ MANUEL FOUCES DÍAZ (TECNIGAL, SL).*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN CANDAL VILARIÑO (COPCISA, SA).*

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU).  
Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. MANUEL CARRASCO CASTRO (ICCP).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA"
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria COPCISA, SA, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(1465).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA DO "PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA". EXPTE. 2500/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 19.12.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Obra: "PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA". Expte. 2452/443.*

*Localidade e situación: NAVIA.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. JOSÉ MANUEL FOUCES DÍAZ (TECNIGAL, SL).*

#### ANTECEDENTES

*A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 18 de outubro de 2013 aprobou o PROXECTO DE INVERSIÓN DE MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA, cun orzamento de base de licitación de 165.370,59 € Ive engadido, e en data 19 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa COPCISA, SA. por un prezo total de 154.008,80 € Ive engadido.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D<sup>a</sup> BEATRIZ ALONSO ASENJO.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "COPCISA, SA".*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.